

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN PAZO DE MOS PARA O FINANCIAMENTO DA INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN

### REÚNENSE

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Manuel Castro Abalo, actuando en nome e representación da Fundación Pazo de Mos (en diante, a Fundación), inscrita no Rexistro de Fundación de Interese Galego o 28.10.2002, co número: 2002/15.

A Fundación foi clasificada como de interese galego pola Orde do 18 de outubro de 2002 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade con que cada unha intervén, a capacidade legal necesaria para subscribir este Convenio, e para tal efecto,

### EXPOÑEN

**Primeiro.** – O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e se determinan as súas competencias, atribúelle a este departamento, a través da Secretaría Xeral Técnica, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións.

**Segundo.** – O obxecto da Fundación é o desenvolvemento de todo tipo de actividades e eventos turístico-culturais, sociais, empresariais e deportivos.



**Terceiro.-** Esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ten interese en apoiar as asociacións e fundacións sen fins de lucro que contribúen á realización de fins de interese xeral.

**Cuarto. -** O edificio que xestiona e do que é propietaria a Fundación, data na súa primeira etapa construtiva de comezos do século XVI, cunha contorna singular e elementos incluídos no catálogo do patrimonio cultural de Galicia.

Pegada ó edificio transcorre a antiga vía romana que unía Bracara Augusta e Santiago de Compostela (vía número XIX) que coincide neste tramo co Camiño de Santiago Portugués.

É o pobo de Mos, a través da súa Fundación, quen recibe a máis de 150.000 peregrinos nunha fantástica labor de hospitalidade e promoción do bo facer e dos produtos locais.

Nos eventos realizados no Pazo de Mos, tanto propios como por parte de asociacións, clubs e administracións, o número total de persoas as que se lle prestaron servizos de ocio, deporte, visitas guiadas ou música, sen contar benestar, foi no pasado ano 2022 de máis de 16.000 persoas. Ademais, os miles de visitantes que recibe o Pazo de Mos puideron desfrutar do patrimonio e cultura de Mos.

Entre as liñas estratéxicas da Fundación, estase traballando nun novo proxecto denominado "Parladoiros", que ten por obxecto a posta en marcha dunha serie de eventos de temáticas diversas no auditorio do pazo. Os eventos realizaranse en formato de entrevista, conferencia, coloquio ou faladoiro. En canto á súa periodicidade, será de carácter mensual, co obxectivo de organizar entre 8 e 10 eventos ó ano.

Ademais, no espazo do auditorio, a Fundación da cabida a vodas, asembleas, plenos municipais, obras de teatro ou concertos, entre outros eventos de interese xeral e con fins culturais e sociais.

Tendo en conta o elevado número de persoas que acolle o espazo da Fundación e o importante volume de eventos levados a cabo nel, resulta de especial relevancia a instalación dun sistema de climatización para aportar maior confort e condicións de



salubridade ás persoas visitantes, así como ó persoal que presta servizos laborais no mesmo.

Ao abeiro do exposto, esta Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes considera necesario colaborar coa Fundación para financiar os gastos da instalación de climatización no auditorio do Pazo de Mos, contribuíndo á adecuación e mellora dun espazo que promove a realización de eventos de interese xeral con fins culturais e sociais.

Na súa virtude, estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Quinto.-** A Fundación cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiaria da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. – OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación, para o financiamento da instalación da climatización no auditorio do Pazo de Mos.

### SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN

1. A Fundación, queda obrigada a destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas na cláusula primeira.



2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da CC. AA. para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de tódalas condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas nel, así como ás demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño

4. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

### **TERCEIRA. – OBRIGAS DA CONSELLERÍA**

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, aboará á Fundación a cantidade máxima de TRINTA E TRES MIL TRESCENTOS VINTE E TRES EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (33.323,96 €) conforme ao orzamento recollido no Anexo I deste convenio, que se imputarán á aplicación orzamentaria 06.01.121A.781.0 (CP: 2015 00121) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

### **CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E LIBRAMENTO DOS FONDOS**

A achega económica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que establece que *"a conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:*

*1.- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos.*

*2.- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*



a) *Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e no seu caso a data de pagamento; no caso de que a subvención se outorgue conforme a un presuposto, indicaranse as desviacións producidas.*

b) *As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento.*

c) *Certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.*

d) *Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), salvo naqueles casos en que as bases reguladoras da subvención previsen a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.*

e) *Unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.*

f) *Os tres presupostos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei de subvencións de Galicia debера solicitar o beneficiario.*

g) *No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como os xuros derivados destes.*

*3.- Non obstante o anterior, cando por razón do obxecto ou da natureza da subvención non fose preciso presentar a documentación prevista no apartado anterior, as bases reguladoras determinarán o contido da conta xustificativa”.*

O representante da Fundación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.



En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a consellería reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de decembro de 2023.

#### **QUINTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS**

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

#### **SEXTA. - SEGUIMENTO DO CONVENIO**

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada pola secretaria xeral técnica da Vicepresidencia Segunda e o presidente da Fundación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.



A comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das partes asinantes
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

#### **SÉTIMA.- PUBLICIDADE**

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016,



relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia

#### **OITAVA.- RESOLUCIÓN**

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades obxecto da axuda.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade có disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **NOVENA. – XURISDICIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia Segunda e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Deportes, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso - administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

#### **DÉCIMA. – VIXENCIA**

A vixencia do presente convenio estenderase dende a sinatura ata o cumprimento, polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2023, sen prexuízo da previsión contida na cláusula cuarta.



## DÉCIMO PRIMEIRA. - NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase electrónicamente na data que figura á marxe.

O Vicepresidente Segundo e Conselleiro  
de Presidencia, Xustiza e Deporte

O Presidente da Fundación Pazo de Mos

Diego Calvo Pouso

Manuel Castro Abalo



**ANEXO I**
**PRESUPUESTO**

DESCRIPCIÓN	CANTIDAD	PRECIO UNIDAD	DTO.	TOTAL
INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN (AUDITORIO) A REALIZAR EN EL PAZO DE MOS SEGÚN PRESUPUESTO Nº 2022-1061.				
Suministro y montaje de de unidad de climatización exterior (CITY MULTI) con una potencia frigorífica de 40 kW y calorífica de 45 kW. Modelo PUHY-P350YNW-A2. Marca Mitsubishi Electric. Incluye soporte con antivibratorios.	1,00	14.283,96		14.283,96
Unidades interiores interiores tipo mural con una potencia frigorífica de 7,1 kW y calorífica de 8 kW. Modelo PKF-P63VKM-E. Marca Mitsubishi Electric.	6,00	1.148,40		6.890,40
Bombas de drenaje PKFY-P63	6,00	208,01		1.248,06
Mando inalámbrico por infrarrojos PAR-FL32MA. Marca Mitsubishi Electric.	2,00	78,56		157,12
Derivaciones de línea frigorífica	5,00	152,98		764,90
Ml de tubería frigorífica de cobre aislado de 1/4"	25,00	4,87		121,75
Ml de tubería frigorífica de cobre aislado de 3/8"	15,00	6,49		97,35
Ml de tubería frigorífica de cobre aislado de 1/2"	45,00	8,12		365,40
Ml de tubería frigorífica de cobre aislado de 5/8"	35,00	12,99		454,65
Ml de tubería frigorífica de cobre aislado de 1 1/8"	20,00	16,23		324,60
Ml de manguera eléctrica para interconexión entre unidades.	80,00	2,43		194,40
Ml de tubería de PVC de 20 mm. para desagüe de unidad	60,00	3,25		195,00
Tableros de madera para colocación de unidades murales sobre ellos	6,00	97,39		584,34
Salidas cubierta a 180º en chapa galvanizada de 700 mm de diámetro con malla antipájaros	2,00	568,11		1.136,22
Alimentación eléctrica desde el cuadro de almacén. Incluye protección magnetotérmica y diferencial.	1,00	722,31		722,31

TIPO	IMPORTE	DESCUENTO	PRONTO PAGO	PORTES	FINANCIACIÓN	BASE	I.V.A.	R.E.
21,00	27.540,46					27.540,46	5.783,50	
10,00								
4,00								

OBSERVACIONES:

**TOTAL: 33.323,96 EUR**
